PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 526 | IX lexislatura | 25 de setembro de 2015

Fascículo 1

## SUMARIO


### 1. Procedementos parlamentarios
#### 1.1. Procedementos de natureza normativa
#### 1.1.2. Propostas de normas
#### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
#### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 25 de setembro de 2015, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para a prohibición do uso da munición que conteña chumbo en todo o territorio galego [09/PPL-000034 (32587)] 123384

#### 1.4. Procedementos de información
#### 1.4.5. Respostas a preguntas

- 41237 - 31286 (09/PRE-009799)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a actuación policial no Hospital Xeral de Vigo o día 10 de decembro durante un paro de dúas horas realizado polo persoal 123389

- 41211 - 31658 (09/PRE-009822)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego destinadas á protección e conservación das carpintarías de ribeira nas obras de execución no proxecto do paseo da Seara, no concello de Moaña 123391

- 41216 - 31689 (09/PRE-009828)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva, e Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante os posibles casos de acoso sexual acontecidos no club de fútbol sala de Leis 123393

- 41138 - 31993 (09/PRE-009855)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as liñas de traballo que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a estabilidade do emprego dos traballadores de Alcoa 123394

- 41214 - 32344 (09/PRE-009902)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a demanda formal que vai realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno central para a creación dos novos órganos xudiciais demandados polos xulgados e tribunais galegos, en particular, os novos xulgados do social da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo 123396

- 41153 - 32356 (09/PRE-009908)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 9 máis
Sobre a situación en que se atopa a construción do treito Celeiro-San Cibrao da vía de altas prestacións da costa norte 123398

- 41213 - 32423 (09/PRE-009919)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda diante do Goberno central da creación dun novo xulgado do mercantil na Coruña e en Ferrol-As Pontes de García Rodríguez 123399

- 41132 - 32648 (09/PRE-009952)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para a aplicación nos concellos da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia 123401

- 41136 - 32662 (09/PRE-009953)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 6 máis
Sobre os resultados concretos das xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a captación de empresas que se instalen na Plataforma Loxística de Monforte de Lemos 123403

- 41208 - 32707 (09/PRE-009958)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura ao tráfico dalgún novo tramo da vía rápida entre Monforte de Lemos e Lugo 123405

- 41170 - 32911 (09/PRE-009990)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis
Sobre a resposta da Consellería de Sanidade ao requirimento de asinamento do novo protocolo de colaboración co Concello de Narón para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde 123406

- 41133 - 32973 (09/PRE-009997)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantirlle á cidadanía o dereito á prestación dun servizo público postal axeitado, con independencia do seu lugar de residencia 123408

- 41135 - 32989 (09/PRE-010006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 máis
Sobre os problemas de acceso aos servizos públicos básicos que están a padecer os veciños de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a causa das deficiencias que presenta a estrada provincial OU-807 123410

- 41209 - 33415 (09/PRE-010024)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre os datos do Goberno galego respecto da percepción da violencia de xénero por parte da mocidade en Galicia 123411

- 41137 - 33873 (09/PRE-010074)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Oubiña Solla, Rosa e 7 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto das axudas a entidades de iniciativa social 123415

- 41134 - 34412 (09/PRE-010110)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 máis
Sobre a existencia dalgunha indicación específica, en relación co exercicio da defensa xurídica da Administración galega, para evitar a indemnización recoñecida a Pescanova pola anulación da planta acuícola de Touriñán 123417

- 41217 - 34502 (09/PRE-010120)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da dimisión de varios membros da Comisión Galega de Bioética 123419

- 41215 - 35197 (09/PRE-010181)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación da totalidade do expediente administrativo dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e os organismos dependentes dela 123421

- 41126 - 35334 (09/PRE-010185)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre os causas do baixo nivel de préstamos e avais outorgados polo Instituto Galego de Promoción Económica no ano 2014 123423

- 41131 - 35621 (09/PRE-010206)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o prazo estimado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o remate dos problemas de seguridade existentes na estrada LU-540, que une Viveiro con Roupar, pasando pola Gañidoira 123425

- 41151 - 35626 (09/PRE-010207)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón
Sobre a contratación do servizo para a elaboración de proxectos de lei 123426

- 41210 - 35694 (09/PRE-010214)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre as razóns do non funcionamento do servizo de seguridade adxudicado no recinto feiral da Semana Verde de Galicia nas mesmas condicións que se viña prestando 123429

- 41241 - 35767 (09/PRE-010224)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Vázquez Díaz, Ramón
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o mantemento do emprego e da actividade produtiva da empresa Vestas Nacelles Spain, S.A., radicada no concello de Viveiro 123431

- 41212 - 35941 (09/PRE-010245)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio dos traballos de acondicionamento comprometidos na estrada LU-641, que comunica Folgoso con Seoane do Courel 123433

- 41230 - 35971 (09/PRE-010248)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 7 máis
Sobre os impedimentos existentes para a posta en marcha do servizo de hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti ,de Lugo, despois do ofrecemento da Deputación Provincial de Lugo do financiamento necesario para ese fin 123434

- 41240 - 37239 (09/PRE-010340)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación laboral dos traballadores das oficinas de Correos de Galicia 123436

- 41149 - 37460 (09/PRE-010353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 2 máis
Sobre o ensino da lingua galega no Bierzo 123438

- 41232 - 32345 (09/PRE-010406)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa saturación dos órganos xudiciais galegos, en particular, os xulgados do social, os requirimentos realizados e previstos diante do Goberno central ao respecto e as actuacións que vai levar levar a cabo para a súa dotación do persoal necesario 123440

- 41231 - 32424 (09/PRE-010408)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa saturación da xurisdición do mercantil en Galicia, a realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto e, en concreto, a creación dun novo xulgado do mercantil na Coruña e outro en Ferrol-As Pontes de García Rodríguez 123443

- 41143 - 34605 (09/PRE-010431)
Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre a valoración do Goberno galego das consecuencias da eventual aprobación do artigo 35 do Proxecto de lei do estatuto da vítima do delito 123445

- 41141 - 35198 (09/PRE-010438)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación da totalidade do expediente administrativo dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e os organismos dependentes dela 123447

- 41150 - 35625 (09/PRE-010442)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón
Sobre as posibles consecuencias da licitación da contratación do servizo para a elaboración dos proxectos de lei de conservación da natureza e de pesca fluvial, por importe de 72.600 euros, e as previsións do Goberno galego ao respecto 123449

- 41129 - 31390 (09/PRE-010475)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto de paseo da Seara, en Moaña, e as medidas que está a adoptar ou prevé a Xunta de Galicia para preservar e pór en valor as carpintarías de ribeira existentes na zona pola que transcorre 123452

- 41130 - 31772 (09/PRE-010485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego tendentes a solucionar os problemas de seguridade vial da variante de Marín 123454

- 41123 - 32353 (09/PRE-010513)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 2 máis
Sobre a situación en que se atopan os treitos autonómicos da terceira ronda da Coruña e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a posta en servizo desa vía 123456

- 41152 - 32355 (09/PRE-010514)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 9 máis
Sobre a situación en que se atopa a construción do treito Celeiro-San Cibrao da vía de altas prestacións da costa norte 123457

- 41122 - 32359 (09/PRE-010516)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 9 máis
Sobre a situación en que se atopa a cesión polo Concello de Lugo dos terreos necesarios para a construción da ponte de Paradai, así como a súa execución 123458

- 41156 - 32618 (09/PRE-010522)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns da paralización definitiva das obras do Plan Paradai pendentes de execución no concello de Lugo, a avaliación polo Goberno galego das consecuencias desta decisión nas comunicacións interiores da cidade de Lugo, así como as medidas e o prazo previsto para o cumprimento dos compromisos adquiridos ao respecto 123459

- 41157 - 32628 (09/PRE-010523)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o estado de execución das obras do Plan Paradai, de Lugo, e as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ao respecto 123460

- 41204 - 32661 (09/PRE-010530)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 6 máis
Sobre os resultados concretos das xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a captación de empresas que se instalen na Plataforma Loxística de Monforte de Lemos, así como as medidas adoptadas para evitar novos danos nas súas instalacións 123461

- 41205 - 32706 (09/PRE-010532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura ao tráfico dalgún novo tramo da vía rápida entre Monforte de Lemos e Lugo, en particular, o que vai ata Nadela, e o investimento concreto realizado nesa estrada no ano 2014 123463

- 41140 - 32972 (09/PRE-010539)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre os recortes de persoal e servizos no servizo público postal en Galicia e, en particular, no medio rural, a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da súa incidencia e as actuacións previstas para garantirlle á cidadanía o dereito á súa prestación, con independencia do seu lugar de residencia 123464

- 41238 - 32988 (09/PRE-010540)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación cos problemas que están a padecer os veciños e as empresas da lousa da zona de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, como consecuencia das deficiencias estruturais que presenta a estrada provincial OU-807, a recepción dalgunha solicitude da Deputación Provincial ou do Concello ao respecto e as actuacións previstas para resolver o problema 123466

- 41155 - 34103 (09/PRE-010563)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón
Sobre o accidente ferroviario de Angrois 123467

- 41239 - 34378 (09/PRE-010565)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar as reiteradas inundacións que padece nas súas propiedades a veciñanza de Trabanca Sardiñeira, en especial no lugar do Loureiro, desde a construción da denominada variante norte de Vilagarcía de Arousa 123468

- 41234 - 34547 (09/PRE-010571)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as razóns da demora do Goberno galego no arranxo da estrada da Ameixenda, no concello de Cee, a elaboración dalgún proxecto con ese fin, e as previsións respecto do inicio das obras antes do remate do mes de marzo de 2015 123469

- 41201 - 34549 (09/PRE-010572)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio dunha actuación de carácter integral que garanta a seguridade viaria das estradas C-552, AC-Coruña-Fisterra e C-550 Muros-Cee ao seu paso pola vila de Cee 123470

- 41202 - 35620 (09/PRE-010589)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as fases e o estado de execución das obras de renovación e mellora da sinalización da estrada LU-540, a existencia dalgún proxecto para solucionar os problemas de seguridade que presenta no concello de Viveiro e o seu cronograma de desenvolvemento, así como as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para impedir a presenza de animais salvaxes na súa calzada e o prazo previsto para o remate do seu arranxo 123471

- 41203 - 35656 (09/PRE-010590)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para solucionar os problemas que están a xerar en Arteixo as obras de conexión da autoestrada AG-55 co vial de acceso ao porto exterior de Punta Langosteira, as previsións respecto da eliminación da peaxe no treito A Coruña-Arteixo e as actuacións que vai levar a cabo en relación coa supresión da atención personalizada nas cabinas de peaxe en horario nocturno pola empresa concesionaria 123472

- 41147 - 35649 (09/PRE-010591)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 4 máis
Sobre a emisión polo Goberno galego dalgún informe referido ao contido do proxecto Marisma Máis do Concello de Redondela, a súa opinión en relación co seu desenvolvemento e impacto ambiental no bordo litoral de Cesantes e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto, así como os departamentos da Xunta de Galicia que participan na súa execución ou financiamento 123473

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.3. Estatuto dos deputados

#### 2.3.3.1. Declaración de bens e de actividades

Acordo da Mesa do Parlamento, do día 22 de setembro de 2015, polo que se publica a declaración de bens e rendas da deputada Dª Marisol Díaz Mouteira (doc. núm. 41342) 123475

# 1. Procedementos parlamentarios
## 1.1. Procedementos de natureza normativa
## 1.1.2. Propostas de normas
## 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
## 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

**Resolución da Presidencia do Parlamento, do 25 de setembro de 2015, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para a prohibición do uso da munición que conteña chumbo en todo o territorio galego [09/PPL-000034 (32587)]**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 41826, o escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para a prohibición do uso da munición que conteña chumbo en todo o territorio galego [09/PPL-000034 (32587)].

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo –o día 26 de setembro de 2015–, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de novembro de 2012, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 16, do 14 de decembro de 2012), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 41826, presentado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

2º. Prorrogar, por segunda vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ata o día 1 de outubro de 2015, ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces na vindeira reunión destas que teñan lugar.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2015
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 22 de setembro de 2015, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 41237 - 31286 (09/PRE-009799)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a actuación policial no Hospital Xeral de Vigo o día 10 de decembro durante un paro de dúas horas realizado polo persoal

- 41211 - 31658 (09/PRE-009822)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego destinadas á protección e conservación das carpintarías de ribeira nas obras de execución no proxecto do paseo da Seara, no concello de Moaña

- 41216 - 31689 (09/PRE-009828)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva, e Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante os posibles casos de acoso sexual acontecidos no club de fútbol sala de Leis

- 41138 - 31993 (09/PRE-009855)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as liñas de traballo que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a estabilidade do emprego dos traballadores de Alcoa

- 41214 - 32344 (09/PRE-009902)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a demanda formal que vai realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno central para a creación dos novos órganos xudiciais demandados polos xulgados e tribunais galegos, en particular, os novos xulgados do social da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

- 41153 - 32356 (09/PRE-009908)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 9 máis
Sobre a situación en que se atopa a construción do treito Celeiro-San Cibrao da vía de altas prestacións da costa norte

- 41213 - 32423 (09/PRE-009919)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda diante do Goberno central da creación dun novo xulgado do mercantil na Coruña e en Ferrol-As Pontes de García Rodríguez

- 41132 - 32648 (09/PRE-009952)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para a aplicación nos concellos da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

- 41136 - 32662 (09/PRE-009953)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 6 máis
Sobre os resultados concretos das xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a captación de empresas que se instalen na Plataforma Loxística de Monforte de Lemos

- 41208 - 32707 (09/PRE-009958)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura ao tráfico dalgún novo tramo da vía rápida entre Monforte de Lemos e Lugo

- 41170 - 32911 (09/PRE-009990)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis
Sobre a resposta da Consellería de Sanidade ao requirimento de asinamento do novo protocolo de colaboración co Concello de Narón para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde

- 41133 - 32973 (09/PRE-009997)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantirlle á cidadanía o dereito á prestación dun servizo público postal axeitado, con independencia do seu lugar de residencia

- 41135 - 32989 (09/PRE-010006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 máis
Sobre os problemas de acceso aos servizos públicos básicos que están a padecer os veciños de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a causa das deficiencias que presenta a estrada provincial OU-807

- 41209 - 33415 (09/PRE-010024)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre os datos do Goberno galego respecto da percepción da violencia de xénero por parte da mocidade en Galicia

- 41137 - 33873 (09/PRE-010074)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Oubiña Solla, Rosa e 7 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto das axudas a entidades de iniciativa social

- 41134 - 34412 (09/PRE-010110)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 máis
Sobre a existencia dalgunha indicación específica, en relación co exercicio da defensa xurídica da Administración galega, para evitar a indemnización recoñecida a Pescanova pola anulación da planta acuícola de Touriñán

- 41217 - 34502 (09/PRE-010120)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da dimisión de varios membros da Comisión Galega de Bioética

- 41215 - 35197 (09/PRE-010181)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación da totalidade do expediente administrativo dos conve-

nios asinados pola Xunta de Galicia e os organismos dependentes dela

- 41126 - 35334 (09/PRE-010185)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre os causas do baixo nivel de préstamos e avais outorgados polo Instituto Galego de Promoción Económica no ano 2014

- 41131 - 35621 (09/PRE-010206)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o prazo estimado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o remate dos problemas de seguridade existentes na estrada LU-540, que une Viveiro con Roupar, pasando pola Gañidoira

- 41151 - 35626 (09/PRE-010207)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón
Sobre a contratación do servizo para a elaboración de proxectos de lei

- 41210 - 35694 (09/PRE-010214)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre as razóns do non funcionamento do servizo de seguridade adxudicado no recinto feiral da Semana Verde de Galicia nas mesmas condicións que se viña prestando

- 41241 - 35767 (09/PRE-010224)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Vázquez Díaz, Ramón
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o mantemento do emprego e da actividade produtiva da empresa Vestas Nacelles Spain, S.A., radicada no concello de Viveiro

- 41212 - 35941 (09/PRE-010245)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio dos traballos de acondicionamento comprometidos na estrada LU-641, que comunica Folgoso con Seoane do Courel

- 41230 - 35971 (09/PRE-010248)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 7 máis
Sobre os impedimentos existentes para a posta en marcha do servizo de hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti ,de Lugo, despois do ofrecemento da Deputación Provincial de Lugo do financiamento necesario para ese fin

- 41240 - 37239 (09/PRE-010340)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación laboral dos traballadores das oficinas de Correos de Galicia

- 41149 - 37460 (09/PRE-010353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 2 máis
Sobre o ensino da lingua galega no Bierzo

- 41232 - 32345 (09/PRE-010406)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa saturación dos órganos xudiciais galegos, en particular, os xulgados do social, os requirimentos realizados e previstos diante do Goberno central ao respecto e as actuacións que vai levar levar a cabo para a súa dotación do persoal necesario

- 41231 - 32424 (09/PRE-010408)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa saturación da xurisdición do mercantil en Galicia, a realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto e, en concreto, a creación dun novo xulgado do mercantil na Coruña e outro en Ferrol-As Pontes de García Rodríguez

- 41143 - 34605 (09/PRE-010431)
Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre a valoración do Goberno galego das consecuencias da eventual aprobación do artigo 35 do Proxecto de lei do estatuto da vítima do delito

- 41141 - 35198 (09/PRE-010438)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación da totalidade do expediente administrativo dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e os organismos dependentes dela

- 41150 - 35625 (09/PRE-010442)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón
Sobre as posibles consecuencias da licitación da contratación do servizo para a elaboración dos proxectos de lei de conservación da natureza e de pesca fluvial, por importe de 72.600 euros, e as previsións do Goberno galego ao respecto

- 41129 - 31390 (09/PRE-010475)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto de paseo da Seara, en Moaña, e as medidas que está a adoptar ou prevé a Xunta de Galicia para preservar e pór en valor as carpintarías de ribeira existentes na zona pola que transcorre

- 41130 - 31772 (09/PRE-010485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego tendentes a solucionar os problemas de seguridade vial da variante de Marín

- 41123 - 32353 (09/PRE-010513)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 2 máis
Sobre a situación en que se atopan os treitos autonómicos da terceira ronda da Coruña e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a posta en servizo desa vía

- 41152 - 32355 (09/PRE-010514)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 9 máis
Sobre a situación en que se atopa a construción do treito Celeiro-San Cibrao da vía de altas prestacións da costa norte

- 41122 - 32359 (09/PRE-010516)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 9 máis
Sobre a situación en que se atopa a cesión polo Concello de Lugo dos terreos necesarios para a construción da ponte de Paradai, así como a súa execución

- 41156 - 32618 (09/PRE-010522)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns da paralización definitiva das obras do Plan Paradai pendentes de execución no concello de Lugo, a avaliación polo Goberno galego das consecuencias desta decisión nas comunicacións interiores da cidade de Lugo, así como as medidas e o prazo previsto para o cumprimento dos compromisos adquiridos ao respecto

- 41157 - 32628 (09/PRE-010523)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o estado de execución das obras do Plan Paradai, de Lugo, e as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ao respecto

- 41204 - 32661 (09/PRE-010530)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 6 máis
Sobre os resultados concretos das xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a captación de empresas que se instalen na Plataforma Loxística de Monforte de Lemos, así como as medidas adoptadas para evitar novos danos nas súas instalacións

- 41205 - 32706 (09/PRE-010532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura ao tráfico dalgún novo tramo da vía rápida entre Monforte de Lemos e Lugo, en particular, o que vai ata Nadela, e o investimento concreto realizado nesa estrada no ano 2014

- 41140 - 32972 (09/PRE-010539)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre os recortes de persoal e servizos no servizo público postal en Galicia e, en particular, no medio rural, a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da súa incidencia e as actuacións previstas para garantirlle á cidadanía o dereito á súa prestación, con independencia do seu lugar de residencia

- 41238 - 32988 (09/PRE-010540)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación cos problemas que están a padecer os veciños e as empresas da lousa

da zona de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, como consecuencia das deficiencias estruturais que presenta a estrada provincial OU-807, a recepción dalgunha solicitude da Deputación Provincial ou do Concello ao respecto e as actuacións previstas para resolver o problema

- 41155 - 34103 (09/PRE-010563)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón
Sobre o accidente ferroviario de Angrois

- 41239 - 34378 (09/PRE-010565)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar as reiteradas inundacións que padece nas súas propiedades a veciñanza de Trabanca Sardiñeira, en especial no lugar do Loureiro, desde a construción da denominada variante norte de Vilagarcía de Arousa

- 41234 - 34547 (09/PRE-010571)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as razóns da demora do Goberno galego no arranxo da estrada da Ameixenda, no concello de Cee, a elaboración dalgún proxecto con ese fin, e as previsións respecto do inicio das obras antes do remate do mes de marzo de 2015

- 41201 - 34549 (09/PRE-010572)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio dunha actuación de carácter integral que garanta a seguridade viaria das estradas C-552, AC-Coruña-Fisterra e C-550 Muros-Cee ao seu paso pola vila de Cee

- 41202 - 35620 (09/PRE-010589)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as fases e o estado de execución das obras de renovación e mellora da sinalización da estrada LU-540, a existencia dalgún proxecto para solucionar os problemas de seguridade que presenta no concello de Viveiro e o seu cronograma de desenvolvemento, así como as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para impedir a presenza de animais salvaxes na súa calzada e o prazo previsto para o remate do seu arranxo

- 41203 - 35656 (09/PRE-010590)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para solucionar os problemas que están a xerar en Arteixo as obras de conexión da autoestrada AG-55 co vial de acceso ao porto exterior de Punta Langosteira, as previsións respecto da eliminación da peaxe no treito A Coruña-Arteixo e as actuacións que vai levar a cabo en relación coa supresión da atención personalizada nas cabinas de peaxe en horario nocturno pola empresa concesionaria

- 41147 - 35649 (09/PRE-010591)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 4 máis
Sobre a emisión polo Goberno galego dalgún informe referido ao contido do proxecto Marisma Máis do Concello de Redondela, a súa opinión en relación co seu desenvolvemento e impacto ambiental no bordo litoral de Cesantes e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto, así como os departamentos da Xunta de Galicia que participan na súa execución ou financiamento

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.3. Estatuto dos deputados

#### 2.3.3.1. Declaracións de bens e de actividades

**Acordo da Mesa do Parlamento, do día 22 de setembro de 2015, polo que se publica a declaración de bens e rendas da deputada Dª Marisol Díaz Mouteira (doc. núm. 41342)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 22 de setembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Declaración voluntaria de bens e rendas de Dª Marisol Díaz Mouteira (doc. núm. 41342)

Tómase coñecemento e ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2015
Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2232

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41237

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31286,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **"a actuación policial no Hospital Xeral de Vigo o día 10 de decembro durante un paro de dúas horas realizado polo persoal"**, (publicada no BOPG número 399 do 5 de xaneiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Segundo informa a Unidade de Policía Adscrita a través da súa sede en Vigo, efectivos deste corpo interviñeron a instancia de parte na situación acontecida no Hospital Xeral de Vigo os días 9, 10 e 11 de decembro de 2014.

A súa actuación tivo lugar nas inmediacións da cociña do centro sanitario, procurando evitar o bloqueo do servizo ofrecido pola mesma durante os paros efectuados polos traballadores e traballadoras do centro. Neste sentido, o persoal da UPA dialogou en reiteradas ocasións co persoal do centro explicándolles a situación que provocaban coas súas protestas, impedindo o paso á cociña e permitindo o acceso só a membros do comité de empresa.

O persoal da UPA, baixo a dirección dos seus mandos e a coordinación do Goberno galego, actúa ante aquelas cuestións que preocupan a todos os galegos e galegas, como os incendios forestais, o medio ambiente natural, o furtivismo, as situacións de menores

en risco ou en protección, a violencia intrafamiliar e tamén todas aquelas situacións que poñan en risco os dereitos e liberdades da cidadanía ou aqueles servizos públicos que poidan afectar ao benestar e tranquilidade de todos e todas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Num. 41211

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2206

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31658,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e outros/as deputados/as máis, sobre **"as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego destinadas á protección e conservación das carpintarías de ribeira nas obras de execución no proxecto do paseo da Seara, no concello de Moaña"**, (publicada no BOPG número 404 do 22 de xaneiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A Axencia Galega de Infraestruturas, Portos de Galicia e o Concello de Moaña asinaron o 16 de setembro de 2014 un convenio de colaboración para a continuación do paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira (tramo da Seara). Coa súa sinatura, as partes asumiron os seguintes compromisos:

- A Xunta de Galicia comprométese a financiar as obras ata un máximo de 420.141,36 euros.
- O Concello de Moaña, á elaboración e aprobación do documento técnico necesario para a definición das obras; á posta á disposición dos terreos necesarios libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras; e á explotación, mantemento e conservación das obras e dos seus servizos.

Tendo en conta os prazos necesarios para licitar a obra foi necesario reaxustar as anualidades previstas inicialmente no convenio (2014 e 2015), o que se realizou na addenda asinada o 5 de maio de 2015. Así, as anualidades vixentes para a execución da obra abranguen os anos 2015 e 2016.

De acordo co proxecto que, como se indicou anteriormente, foi elaborado polo Concello de Moaña, vese afectada a fachada litoral dunha das carpinterías, a cal se atopa nun estado

moi deficiente. O proxecto prevé a demolición desta fachada e a construción doutra na nova aliñación con características estéticas e funcionais de carpintería de ribeira, entendéndose como unha restauración desta na nova aliñación.

Por outra parte, e co fin de non restar funcionalidade ás dúas carpinterías de ribeira, tamén se recolle no proxecto a remodelación das rampas/varadoiro, adecuándoas á nova cota do paseo, de xeito que se permita a entrada e saída de embarcacións.

Tendo en conta o anteriormente exposto, é compatible a prolongación do paseo marítimo e a conservación da carpintería de ribeira en canto ás súas características estéticas e funcionais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41216

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2217

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31689,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e dona Eva Solla Fernández, sobre **"as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante os posibles casos de acoso sexual acontecidos no club de fútbol sala de Leis"**, (publicada no BOPG número 404 do 22 de xaneiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte,** que ten o seguinte contido:

"No que respecta ao ámbito deportivo, e como se informou a través de resposta escrita á iniciativa 31.388 así como durante a comparecencia na Comisión 1ª do pasado 20 de febreiro dando resposta á pregunta 32.860, as actuacións da Secretaría Xeral para o Deporte veñen marcadas no estrito cumprimento das funcións establecidas na Lei do Deporte de Galicia. Por outro lado, e como tamén se ten referido, producíronse numerosos contactos entre este departamento e as xogadoras afectadas (conversas telefónicas, correos electrónicos, encontros coas mesmas), durante os que se tivo a oportunidade de trasladarlles a nosa preocupación e mediación, así como as medidas nas que están a traballar cara a erradicar do Deporte Galego este tipo de situacións."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET 2015
Núm. 41138

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2163

galicia

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31993,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **"as liñas de traballo que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a estabilidade do emprego dos traballadores de Alcoa"**, (publicada no BOPG número 404 do 22 de xaneiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Economía e Industria e a de Traballo e Benestar,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego ten no impulso da competitividade industrial un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia, consolidando o crecemento e a creación de emprego. Unha aposta na que as empresas de consumo intensivo de enerxía xogan un papel determinante, e onde Galicia ten un gran peso.

A Xunta vén defendendo a necesidade dun marco máis estable que, sobre a base do actual sistema de poxa, permita certa anticipación e evite a incerteza para que as industrias electrointensivas poidan planificar os seus investimentos, facilitando a súa modernización tecnolóxica. Un traballo que debe facerse dun modo coordinado no seno da Unión Europea, na procura da máxima certeza posible no mercado enerxético e de cara a manter a competitividade industrial.

Neste contexto, cómpre salientar tamén a necesidade de ir dando pasos cara un crecemento sostible e intelixente no que a innovación e a eficiencia sexan dúas bazas determinantes nas melloras económica e ambiental das empresas. Por iso, precisamente, o Goberno galego ten apoiado a aposta de Alcoa polo gas natural na súa planta de San Cibrao.
Engadir, por outra banda, que as accións da Consellería de Traballo e Benestar con referencia a Alcoa foron de resposta inmediata xa que trala denuncia presentada polo comité de empresa da planta de A Coruña ante a Inspección de Traballo, a Consellería convocou de xeito inmediato unha reunión. Con todo, e ante a previsible retirada do ERE

presentado pola empresa, a solicitude de reunión foi retirada por parte do presidente do comité.

Durante o proceso, a consellería estivo en contacto permanente coa autoridade laboral (que é a dirección xeral de Emprego do Ministerio, á que por competencia lle correspondería tramitar o ERE). Así, dende o Ministerio informaron de que o Grupo Alcoa-Inespal presentou o 10 de decembro de 2014 un ERE no que contemplaba o peche das plantas de Avilés e Coruña, coa extinción de ambos cadros de persoal.

O motivo que argumentaba para o ERE era a súa saída do Sistema de Interrompibilidade do sector eléctrico ao non obter os bloques suficientes na poxa eléctrica levada a cabo en novembro de 2014.

Unha vez presentado o ERE, e tras un complicado inicio do período de consultas, tivo lugar unha nova poxa na que Alcoa resultou adxudicataria dos paquetes de enerxía eléctrica a baixo custe que non obtivera na anterior.

En consecuencia, o 26 decembro de 2014 a empresa desistiu do procedemento iniciado, que foi arquivado"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41214

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2209

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32344,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **"a demanda formal que vai realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno central para a creación dos novos órganos xudiciais demandados polos xulgados e tribunais galegos, en particular, os novos xulgados do social da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo"**, (publicada no BOPG número 414 do 11 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Con relación á creación de novos órganos xudiciais, en particular novos xulgados do social na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, cómpre indicar en primeiro lugar que a competencia para a creación de novas unidades xudiciais corresponde á Administración do Estado a través do correspondente Real Decreto, logo da previsión orzamentaria polo Estado especialmente para a creación de prazas de xuíces e xuízas, fiscais e secretarios ou secretarias xudiciais.

Existindo dita previsión e segundo o reparto do total das prazas, a Comunidade Autónoma debe emitir informe por razón de seren a competente nos medios que lle darán soporte as ditas unidades.

Desde o ano 2010 non se creara ningunha ata finais de 2014, cando foron creadas 12 novas unidades xudiciais. Destas, por proposta da Comisión Mixta, 5 corresponderon a maxistrados ou maxistradas de órganos colexiados e 7 a xuíces ou xuízas de adscrición territorial. Como é coñecido, foi no seo da Comisión Mixta entre Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia, onde se acordou a petición e distribución das novas unidades, pois esta é a canle institucional onde se analizan as necesidades e correlativas peticións.

Cando existan novas prazas a crear e segundo as necesidades detectadas (nas que se atopan órganos da xurisdición social), a Comisión Mixta volverá a solicitar dita creación.

Mentres tanto as actuacións que está a desenvolver a Administración autonómica versan sobre medidas de reforzo nos órganos xudiciais que o Consello Xeral do Poder Xudicial, ou o Tribunal Superior, considera que requiren dun plan de reforzo e para o que destinan un xuíz ou xuíza de apoio.

Así, os xulgados do social da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, os xulgados do mercantil da Coruña, así como os xulgados de reforzo para preferentes da Coruña e Vigo, teñen estas medidas. Tamén determinados xulgados de instrución teñen reforzado o seu persoal, así como os xulgados que asumen a levanza do Rexistro Civil nos partidos xudiciais de grandes vilas con máis de 3 xulgados.

Neste escenario de aprobación de Plans de Apoio co correlativo nomeamento de xuíces e xuízas de reforzo, a actuación da Xunta de Galicia non só conleva nomeamento de persoal funcionario de reforzo, senón que supón á súa vez unha necesaria dotación de medios materiais para fornecer os novos postos de traballo (mobiliario, equipamento informático..).

En definitiva, a Xunta de Galicia está a desenvolver as actuacións conducentes a satisfacer o catálogo de necesidades que se recollen na memoria de actividades do Tribunal Superior de Xustiza, naquelas cuestións posibles por ser de competencia propia, e en particular as que atinxen ás medidas de reforzo acordadas no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Polo que atinxe aos cadros de persoal da xurisdición social, non só non diminuíron, senón que foron reforzados ata o punto de estar 7 persoas funcionarias máis prestando servizos nos xulgados de reforzo da Coruña e Vigo. Tamén existen 9 persoas funcionarias titulares dos xulgados do social de Galicia con prolongación de xornada retribuída para atender a maior carga de traballo.

Por último, a Oferta de Emprego Público de funcionarios e funcionarias de corpos nacionais, como é o persoal funcionario da Administración de Xustiza, corresponde ao Estado e cando exista dita oferta repercutirá en todo o Estado e tamén en Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41153

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2178

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32356,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gòmez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **"a situación en que se atopa a construción do treito Celeiro-San Cibrao da vía de altas prestacións da costa norte"**, (publicada no BOPG número 414 do 11 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"Respecto á pregunta formulada sobre a VAP Celeiro-San Cibrao, indicar que se está a traballar a bo ritmo na execución de dous viadutos e nos desmontes pendentes, co obxectivo de finalizar os movementos de terras e estruturas en 2015, e executar en 2016 os firmes para a súa posta en servizo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41213

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2268

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32423,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da demanda diante do Goberno central da creación dun novo xulgado do mercantil na Coruña e en Ferrol-As Pontes de García Rodríguez"**, (publicada no BOPG número 410 do 5 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"A xurisdición mercantil, xunto coa social, ten padecido por mor da situación de crise económica un incremento considerable de procedementos.
Malia diminución na nosa Comunidade Autónoma nun 17% do número de concursos de acredores presentados no último ano 2014, o certo é que nalgunhas das provincias (concretamente, na provincia da Coruña), estes órganos seguen a ter un desfase de entrada de asuntos con relación ao módulo normal para estes órganos na súa carga de traballo.
Por estas razóns, tendo en conta a complexa situación da xurisdición especializada mercantil na provincia da Coruña (lembremos que os xulgados do mercantil estenden a súa xurisdición a toda a provincia, art. 86 bis LOPX), ambos os dous xulgados mercantís da provincia contan cun plan de reforzo aprobado pola Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, consistente en destinar un xuíz ou xuíza de apoio para os ditos órganos, consonte o alcance do plan deseñado polo órgano de goberno do Poder Xudicial.

Así mesmo, a Xunta de Galicia apoia cos seus recursos propios esta decisión, nomeando persoal funcionario de reforzo nestes xulgados segundo se lle demandou e dispoñendo a necesaria dotación de medios materiais para fornecer os novos postos de traballo (mobiliario, equipamento informático, etc.).
A competencia para a creación dun novo órgano xudicial radica na Administración do Estado a través do correspondente Real Decreto (debendo informar a Comunidade Autónoma polo que atinxe aos medios que dan soporte as ditas unidades).

O seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza é a canle institucional axeitada para analizar as necesidades e onde se han de crear as novas unidades, polo que no seu momento analizarase esta solicitude previo coñecemento do número que para Galicia destina a Administración Central."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm 41132

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2157

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32648,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Fracisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para a aplicación nos concellos da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia"**, (publicada no BOPG número 410 do 5 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 25 de abril de 2014 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 2/2014 pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI), aprobada no Parlamento de Galicia no pleno celebrado o 8 de abril de 2014.

Así Galicia é a primeira comunidade autónoma que conta cunha lei de igualdade de trato e non discriminación do colectivo LGTBI.

A rápida evolución da nosa sociedade esixe unha ampla resposta para abordar os retos que temos por diante en materia de integración e non discriminación do colectivo LGTBI, polo que as administracións públicas teñen que facer un esforzo por situarse á vangarda da protección da igualdade efectiva de dereitos.

Neste marco, a devandita lei consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI, ao tempo que é unha texto integral no que se inclúen medidas con carácter transversal que abranguen a todos os ámbitos: policial, xudicial, laboral, familiar, da saúde, educación, cultura, do deporte, da comunicación e da xuventude.

Dende a súa entrada en vigor, os distintos departamentos da Xunta de Galicia traballan na súa aplicación nos respectivos ámbitos competencias. Neste sentido, o Goberno galego, entre outras medidas, está a traballar na posta en funcionamento nos centros de información, atención, orientación e asesoramento xa existentes dunha liña específica de atención para o colectivo LGTBI."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41136

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2161

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32662,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as máis, sobre **"os resultados concretos das xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a captación de empresas que se instalen na Plataforma Loxística de Monforte de Lemos"**, (publicada no BOPG número 410 do 5 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Economía e Industria e a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia habilitou este ano, a través dun convenio subscrito entre o Igape, o IGVS e Xestur, un Paquete Integral de Financiamento para proxectos de investimento en solo empresarial de promoción pública en Galicia, paquete que incorpora un conxunto de instrumentos financeiros públicos de risco compartido coas entidades de crédito privadas; instrumentos que consisten en préstamos directos e avais en garantía de préstamos bancarios destinados ao financiamento de proxectos de investimento, incluíndo solo empresarial de promoción pública en Galicia.

Este paquete financeiro pode beneficiar, naturalmente, aos proxectos empresariais que opten pola súa localización na Plataforma Loxística de Monforte de Lemos que, por outra banda, está a ser promocionada pola Xunta de Galicia, tamén a través do Igape e no marco da Estratexia de Internacionalización da Empresa galega, como un asentamento idóneo para investimentos estranxeiros, así como para a instalación de novos proxectos empresariais promovidos tanto por empresas galegas como procedentes doutros lugares de España.

Engadir, por outra parte, que no momento actual está adxudicada definitivamente unha parcela de 40.000 metros cadrados a través da declaración dun proxecto singular.
Existe unha segunda empresa, interesada na adquisición de 50.000 metros cadrados de solo no Porto Seco "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41208

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2203

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32707,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as máis, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura ao tráfico dalgún novo tramo da vía rápida entre Monforte de Lemos e Lugo"**, (publicada no BOPG número 410 do 5 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 32705, de similar contido, e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 482 o 18 de xuño de 2015 e á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41170

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2195

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32911,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as máis, sobre **"a resposta da Consellería de Sanidade ao requirimento de asinamento do novo protocolo de colaboración co Concello de Narón para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde"**, (publicada no BOPG número 414 do 11 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"En decembro de 2008, o Concello de Narón, por medio do seu Alcalde daquela, asinou coa Consellería de Sanidade, representada pola Conselleira Dona María José Rubio Vidal, un Protocolo de Colaboración para a construción dun novo Centro de Saúde en terreos deste Concello.

O documento contempla unha serie de cláusulas e condicións para ambas as dúas Administracións e un escenario temporal. Pasou o tempo, e o Goberno Local non cumpriu as condicións das cláusulas que o obrigaban, por un lado, á dotación orzamentaria nos exercicios 2009, 2010 e 2011 e, por outro, á entrega e posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos.

O xerente do Servizo Galego de Saúde, Antonio Fernández-Campa, recibiu o 14 de abril de 2015 no seu despacho ao alcalde de Narón, José Manuel Blanco, para falar das infraestruturas sanitarias de atención primaria deste concello. Tal e como lle manifestou o xerente ao rexedor municipal, o Sergas segue interesado en construír un

novo centro de saúde, a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da cidadanía.

Porén, a vía formulada mediante a formalización dun protocolo de colaboración entre o Concello de Narón e a Administración sanitaria galega, semellante ao formalizado no 2008 e que finalizou a súa vixencia, non conta nestes momentos cos informes preceptivos, polo que ambas as partes acordaron buscar outras solucións alternativas para acadar o obxectivo fixado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41133

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2158

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32973,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para garantirlle á cidadanía o dereito á prestación dun servizo público postal axeitado, con independencia do seu lugar de residencia"**, (publicada no BOPG número 414 do 11 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron abordados en iniciativas anteriores presentadas en termos similares polo mesmo grupo parlamentario. É o caso das iniciativas con número de rexistro 19712 e 19716 –debidamente tramitadas–.

Nesta liña cómpre reiterar o xa expresado:

A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI). E, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

En relación á negociación do convenio colectivo de Correos, é preciso subliñar que, dende hai máis dun ano, existe unha mesa de negociación aberta a nivel estatal. A Xunta de Galicia non pode nin debe interferir nesta negociación, xa que se trataría dunha inxerencia inaceptable para calquera das dúas partes implicadas.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da

súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte dos cidadáns aos servizos no seu territorio."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2160

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41135

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32989,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e outros/as deputados/as máis, sobre **"os problemas de acceso aos servizos públicos básicos que están a padecer os veciños de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a causa das deficiencias que presenta a estrada provincial OU-807"**, (publicada no BOPG número 414 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 29367, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, e publicada no BOPG número 420, do 20 de febreiro de 2015, ao que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41209

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2209

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33415,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as máis, sobre **"os datos do Goberno galego respecto da percepción da violencia de xénero por parte da mocidade en Galicia"**, (publicada no BOPG número 419 do 19 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"En xaneiro de 2015 a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero presentaba o Estudo da Percepción Social da Violencia de Xénero na Adolescencia e na Xuventude. Neste estudo analízanse os resultados dunha enquisa sobre a percepción social da violencia de xénero na adolescencia e a xuventude realizada polo Centro de Investigacións Sociolóxicas por encarga da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero a unha mostra de 2.457 persoas de ambos os dous sexos representativa da poboación residente en España de 15 a 29 anos. (incluída Galicia).
As principais conclusións do Estudo pódense consultar en:
http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciaGenero/laDelegacionInforma/pdfs/Percepcion_VG_Adolescencia_Juventud4.pdf
E o Estudo completo en:
http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciaGenero/publicaciones/estudiosinvestigaciones/Estudios_Investigaciones/Percepcion_Social_VG.htm

Con posterioridade, en marzo de 2015 o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade presenta o maior estudo que se fai en España sobre violencia de xénero, concretamente a Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2015.

A Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2015 realizouse cunha mostra de 10.171 mulleres de 16 e máis anos, representativas da poboación feminina residente en España (incluída Galicia) Se ampliou a mostra en máis de 2.000 mulleres con respecto á macroenquisa 2011 e entrevistouse presencialmente mulleres de 16 e máis anos en lugar de só a maiores de 18 anos como se facía nas anteriores macroenquisas, que se veñen realizando cada catro anos dende 1999.

As conclusións da Macroenquisa pódense consultar en:

http://www.msssi.gob.es/gabinetePrensa/notaPrensa/pdf/30.0330031516015450 8.pdf

E a Macroenquisa completa en:

http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciaGenero/publicaciones/estudiosinvestigaciones/home.htm

As actuacións de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero que se levaron a cabo o pasado ano destinadas aos adolescentes e a xuventude son:

- **Campaña do 25 de novembro 2014: Día Internacional contra a violencia de xénero: 'SE A MALTRATAS A ELA, MALTRÁTASME A MIN. HAI SAÍDA'**, coa participación do presentador Xosé Ramón Gayoso e do humorista David Amor. O obxectivo desta campaña é sensibilizar á sociedade da necesidade de erradicar a violencia machista e facer especial fincapé na poboación menor de 30 anos e maior de 65, dous dos sectores máis afectados por este problema, dado que os últimos datos apuntan a que a poboación máis nova está reproducindo de maneira preocupante actitudes sexistas e estereotipos de xénero que parecían erradicados.
- **Xornada 'A incidencia nos menores da violencia no contorno familiar':** tamén no entorno do Día Internacional Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, tratou de dar visibilidade á gravidade e ao impacto que a violencia de xénero ten sobre os menores.
- **Campaña informativa sobre os perigos do sexting: '10 razóns para non practicar sexting':** ten a finalidade de concienciar, tanto á mocidade coma as persoas adultas, dos riscos que implica difundir determinadas fotografías ou vídeos a través de Internet e das redes sociais. As cifras reflicten que, nos casos de sexting, as mulleres son vítimas de delitos relacionados con esta práctica en maior medida que os homes.
- **Obradoiros 'Violencia de xénero e o novo contexto dixital'**: leváronse a cabo no marco da Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero. Trátase de espazos educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos

a situacións de violencia de xénero, centrados no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sextorsión. Un total de 20 entidades locais foron seleccionadas para o seu desenvolvemento.

Tamén se ofertou este obradoiro aos 10 centros educativos participantes no programa '**Por 365 de respecto e igualdade**', programa de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo desenvolvido dentro do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- '**Violencia de xénero e sexual en internet, redes sociais e smartphones: coñecer, previr e actuar'**: dando cumprimento aos obxectivos fixados no 'VI Plan Galego para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes: Estratexia 2013-2015' desenvolveuse esta formación específica para o persoal de todos os Centros de Información ás Mulleres e das casas de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero de Galicia.
- **Proxecto europeo 'Mocidade contra a violencia de xénero'**: coa participación da Xunta de Galicia, ten unha duración de 36 meses, rematando en marzo de 2016. O seu obxectivo é contribuír á redución da violencia de xénero a través da mellora dos coñecementos e competencias de grupos de mozos e mozas pertencentes a centros xuvenís, escolas de ensino medio e grupos xuvenís activos no seu territorio, sobre asuntos relacionados coa defensa dos dereitos humanos e o desenvolvemento.
- **Exposición 'Cartas de Amor'**: é unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero que ten como finalidade sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas relacións de parella, nos seus modos de relacionarse.

No último trimestre do ano 2014, foi ofertada pola Secretaría Xeral da Igualdade, ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero , ao abeiro do convenio de colaboración asinado en 2012 entre esta Secretaría Xeral e a FEGAMP, e desenvolveuse nun total de 15 entidades locais.

Tanto a mostra "Cartas de amor" como o obradoiro práctico que a acompaña tamén forman parte dos recursos ofertados pola Secretaría Xeral da Igualdade aos centros educativos participantes no programa '**Por 365 de respecto e igualdade**'.

- **A XIII Xornada Galega de Nais e Pais Educando en Igualdade:** tivo lugar en febreiro de 2015 e tratou este ano sobre 'Estratexias lúdicas en igualdade: uso sen abuso de videoxogos e smartphones'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2162

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41137

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33873,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Rosa Oubiña Solla e outros/as deputados/as máis, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto das axudas a entidades de iniciativa social"**, (publicada no BOPG número 426 do 5 de marzo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral da Igualdade publicou o 14 de novembro de 2014 no DOG a resolución das axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas específicos dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, así como programas de apoio a mulleres xestantes e lactantes.

En total, destínanse 870.183,66 € -cofinanciado por fondos comunitarios –FSE e FEDER- a 62 entidades. Destas, 26 son da provincia da Coruña, cunha contía total de 435.627,10 €; 13 son entidades da provincia de Pontevedra, cunhas axudas totais de 126.163,80 €; 13 entidades da provincia de Ourense, cunha contía concedida de 130.34,26 €; e 10 de Lugo que obteñen 178.045,50 €.

A través destas axudas apóianse actuacións como o mantemento de centros de atención especializada a mulleres -centros de acollida, centros de día- nos que se ofrece asistencia básica e programas de apoio ás mulleres que se encontran en situacións de especial vulnerabilidade; así como o desenvolvemento de recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas/os menores de tres anos, que conteñan actuacións de información, acompañamento social ou orientación, entre outras.

Os colectivos beneficiarios dos programas desenvolvidos ao abeiro desta convocatoria son grupos de mulleres en situación de exclusión especial; mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social, tales como reclusas ou drogodependentes; mulleres en situación de especial protección, como anciáns soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes ou pertencentes a minorías étnicas; e vítimas de violencia de xénero."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41134

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2159

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34412,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e outros/as deputados/as máis, sobre **"a existencia dalgunha indicación específica, en relación co exercicio da defensa xurídica da Administración galega, para evitar a indemnización recoñecida a Pescanova pola anulación da planta acuícola de Touriñán"**, (publicada no BOPG número 429 do 11 de marzo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 26 de marzo de 2015 no debate da iniciativa con número de rexistro 34411, presentada polo mesmo Grupo Parlamentario.
Nesta liña cómpre reiterar o xa expresado:

A defensa efectuada polos letrados e letradas da Xunta de Galicia que interviñeron no proceso ao que se fai referencia foi sempre correcta desde a perspectiva da defensa en dereito dos intereses da administración, e realizada de forma totalmente profesional, como corresponde ás actuacións deste colectivo especializado de funcionarios públicos, e sen interferencias de ningunha clase.

A contía da reclamación inicial da entidade reclamante era de máis de 37 millóns de euros, indemnización que se evitou grazas á defensa dos intereses públicos articulada por estes letrados e letradas participantes no proceso, supoñendo a Sentenza do TSXG 846/2012 do 20 de setembro finalmente a obriga para a administración autonómica de aboar a cantidade de 1.091.109,85 euros, así como o importe que xere a aplicación a

esta cantidade do interese legal computado desde o 13 de abril de 2009 ata a data de notificación da Sentenza do TSXG.

Para o TSXG, merecen ser indemnizados aqueles gastos que a parte actora sufrise en relación á obtención da aprobación do proxecto sectorial no ano 2005, xa que tales gastos se corresponden coa lexítima confianza da súa utilidade ante o inicial e significado respaldo da propia Administración.

O letrado da Xunta de Galicia participou no preito de forma moi activa en defensa dos intereses públicos, debatendo e discutindo os fundamentos da demanda e os razoamentos do informe pericial no que non conviñan á Administración autonómica.

Do mesmo xeito, a administración autonómica non se conformou co resultado da sentenza, senón que, en defensa dos intereses públicos, formulouse un recurso de casación contra ela que o Tribunal Supremo resolveu na súa Sentenza do 24 de Febreiro de 2015 confirmando a Sentenza do TSXG.

En definitiva, os letrados e letradas da Xunta de Galicia que participaron na defensa dos recursos actuaron con plena corrección xurídica en defensa dos intereses públicos da Administración da Comunidade Autónoma e utilizáronse todos os recursos legais e medios de proba necesarios para a defensa dos intereses da Comunidade Autónoma."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41217

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2212

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34502,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as máis, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da dimisión de varios membros da Comisión Galega de Bioética"**, (publicada no BOPG número 429 do 11 de marzo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Sanidade mantivo o pasado 10 de marzo unha reunión cos integrantes da Comisión Galega de Bioética. No transcurso desa reunión realizouse unha análise sobre o funcionamento desta comisión e das posibles melloras no seu funcionamento para dotala de maior independencia, e acordouse emitir este comunicado conxunto.

Na reunión houbo pleno acordo en que o obxectivo da Comisión Galega de Bioética debe seguir sendo velar pola protección dos dereitos fundamentais, propoñer debates na sociedade mediante a difusión de documentos e, neste eido, acordouse a conveniencia de darlle difusión ao documento relativo ás desigualdades na asistencia sanitaria elaborado durante o último ano.

O devandito informe atópase dispoñible na web do Servizo Galego de Saúde:
http://www.sergas.es/Docs/Bioetica/desigualdade_ga_031014_2.pdf

A conselleira trasladou ao mesmo tempo o seu agradecemento a todos os membros integrantes da Comisión Galega de Bioética polo traballo realizado e polas súas aportacións tanto á organización sanitaria como á sociedade en xeral.

Nesa liña, a Consellería de Sanidade vén de publicar o pasado 22 de maio, na súa páxina web, o anteproxecto da Orde polo que se crea e se regulan as funcións, a composición e o funcionamento do Consello Galego de Bioética, co propósito de que aqueles colectivos ou particulares que o consideren oportuno fagan as alegacións, achegas ou suxestións ao texto, para, deste xeito, poder enriquecelo. Asemade, este anteproxecto xa foi remitido aos actuais membros do Consello.

No novo texto, refórzase o carácter independente do Consello, establecéndose que a persoa titular da presidencia será elixida de entre os vogais que conforman o órgano por unha maioría reforzada de dous terzos.

Ademais, ao constituírse como un órgano asesor de carácter transversal que asesorará a entidades, organizacións e institucións de carácter sanitario, tanto públicas como privadas, o Consello adscríbese organicamente á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, que será encargada de asegurar o funcionamento do mesmo (con anterioridade o Consello dependía da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde).

Co novo texto preténdese tamén, dar un impulso definitivo á bioética, ampliando o abano das titulacións dos membros do Consello (ciencias da saúde, humanidades ou ciencias xurídicas e sociais), na procura de afondar no debate na sociedade sobre esta materia na práctica sanitaria. Ademais, polo menos, un terzo dos membros deberá ter formación en bioética."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015
A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
RS/mca

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm 41215

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2210

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35197,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da publicación da totalidade do expediente administrativo dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e os organismos dependentes dela"**, (publicada no BOPG número 436 do 25 de marzo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"A Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega regula a publicación no DOG dunha relación dos convenios do sector público autonómico e establece que '*cando os devanditos convenios impliquen obrigas económicas para a Facenda autonómica, sinalaranse con claridade o importe destas, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria da prestación*'.

Esa Lei viuse completada co Decreto 126/2006 do Rexistro de Convenios no que se concreta esa esixencia e se establece a necesidade de publicación na web da Xunta da relación dos convenios inscritos e unha serie de datos como son: partes asinantes, obxecto, financiamento e prazo de vixencia.

Actualmente, a Xunta mantén ese Rexistro de Convenios accesible de maneira permanente en Internet e nel están publicados, para máis de 34.800 convenios todos eses datos e, indo máis aló, a relación das modificacións que os convenios van sufrindo.

O Goberno galego está, por tanto, a cumprir escrupulosamente coa lexislación vixente nesta materia e seguirá ampliando a súa transparencia de acordo coas novas normativas estatais e autonómicas.

No ámbito estatal, e coa entrada en vigor para as CCAA a finais deste ano da lei estatal de transparencia (pois tiña dous anos de vacatio legis para as administracións autonómicas), a cidadanía terá dereito de acceso aos convenios dun xeito non motivado e totalmente libre. No exercicio dese dereito o cidadán poderá solicitar copia de calquera dos convenios que figuren na relación que se fai pública. E, de estimarse que non concorre ningunha limitación de acceso, recibirá a documentación solicitada.

A nivel autonómico, pola súa parte, está prevista a tramitación dunha nova Lei de Transparencia de Galicia que consolidará legalmente a publicidade na web do Rexistro de Convenios e fixará un punto de acceso unificado a través do Portal de Transparencia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2151

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41126

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35334,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as máis, sobre **"as causas do baixo nivel de préstamos e avais outorgados polo Instituto Galego de Promoción Económica no ano 2014"**, (publicada no BOPG número 436 do 25 de marzo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta, desde o Igape, está a facer unha labor fundamental de impulso a novos proxectos empresariais xeradores de emprego, así como de respaldo a empresas que están a pasar dificultades co obxectivo de reforza a súa viabilidade. Neste contexto, existe un completo abano de instrumentos que van desde o financiamento de investimentos á mobilización de circulante, así como do apoio á mellora da competitividade e á innovación ata o acompañamento nas iniciativas de internacionalización.

De feito, os resultados do Igape para o ano 2014 superan os 1.400 proxectos apoiados; os 700 diagnósticos de competitividade, internacionalización ou servizos avanzados a pemes; os 8.000 asistentes a accións de formación; e as 78.000 consultas de información.

No que respecta ao programa de financiamento, o Igape avalou preto de 170 operacións empresariais para facilitar circulante a empresas durante o 2014, e mobilizou máis de 54 millóns de euros mediante a bonificación de xuros de máis de 600 préstamos bancarios para investimentos. Por outra parte, a través de Xesgalicia e do Igape, a Xunta aprobou

durante o ano pasado 40 operacións de financiamento ou refinanciamento de proxectos empresariais, mobilizando préstamos directos ou participativos que roldaron os 21 millóns de euros.

Neste eido tamén cabe destacar as axudas para grandes investimentos e investimentos tecnolóxicos. Ao seu abeiro foron aprobados 181 proxectos o pasado ano, que levan un investimento asociado superior aos 78 millóns de euros, para procurar o desenvolvemento de todos os proxectos viables."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41131

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2156

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35621,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"o prazo estimado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o remate dos problemas de seguridade existentes na estrada LU-540, que une Viveiro con Roupar, pasando pola Gañidoira"**, (publicada no BOPG número 442 do 6 de abril de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 35622, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 465, o 21 de maio de 2015 e á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm 41151

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2176

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35626,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Antón Sánchez García, sobre **"a contratación do servizo para a elaboración de proxectos de lei"**, (publicada no BOPG número 442 do 6 de abril de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego non só acredita o compromiso e cualificación do seu persoal, senón tamén a necesidade de avanzar na prestación dun servizo público de calidade, razón pola cal, desde o ano 2009, vén desenvolvendo unha política de mellora na xestión dos recursos públicos, conscientes de que ese é o primeiro camiño a seguir para poder blindar e mellorar os servizos públicos.

Neste proceso enmárcanse leis como a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, ou a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, onde se recolle o principio de autoprovisión de bens e servizos dentro do sector público.

A autoprovisión de bens e servizos implica que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico, mediante a súa cooperación e colaboración, agás cando esta non resulte viable, suposto no que se poderá acudir á súa contratación externa.
O dito principio no ámbito da administración da Xunta de Galicia foi obxecto de desenvolvemento mediante o acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión, e se toma

razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2015).

No caso obxecto desta pregunta parlamentaria, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, correspóndelle exercer as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras.

E é no marco destas atribucións, onde a Consellería desenvolve a súa función normativa, para o cal se precisa contar cuns medios persoais suficientes, pois, ao traballo diario do órgano directivo, habería que engadir os traballos necesarios e preceptivos que supón a elaboración de calquera disposición legal.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza non dispón dos medios para a elaboración de documentación preparatoria, análise xurídica e técnica preliminar, e obtención de datos que sirvan de fundamento e antecedente dos referidos anteproxectos en materia de conservación da natureza e de pesca fluvial (análise do marco competencial, organizativo e normativo vixente en materia de conservación da natureza e pesca fluvial; estudo dos contidos da regulación actual nestas materias na Comunidade Autónoma de Galicia; estudo das regulacións comunitaria e estatal; análise do dereito comparado vixente noutras CC.AA. e no dereito internacional; estudo da xurisprudencia, etc.); así como carece tamén dos recursos necesarios para a elaboración da redacción dos primeiros borradores dos textos e de documentación complementaria das propostas normativas e o seu seguimento. Todo isto require, pola súa especialización, unha dedicación de recursos humanos que comprometería o desenvolvemento habitual doutras áreas e funcións atribuídas ao órgano directivo, igualmente de interese público.

Son pois razóns de eficiencia na xestión dos recursos públicos as que motivaron a decisión de licitar un contrato de servizo para apoiar a Dirección Xeral de Conservación da Natureza na realización das tarefas de asistencia no estudo e redacción duns borradores de Lei, que en modo ningún pon en cuestión a iniciativa lexislativa, tal e como está configurada no Estatuto de Autonomía, pois as funcións de coordinación e dirección da execución do contrato recaerán no persoal da propia dirección xeral; e os textos, documentos así elaborados cumprirán con todos os trámites e requisitos previstos na normativa vixente para os anteproxectos de Lei; e

cumpriranse os trámites parlamentarios, unha vez que o Goberno galego aprobe as correspondentes iniciativas e os remita ao Parlamento de Galicia. É dicir, en todo caso os labores encargados non supoñen abdicar das responsabilidades que corresponden aos órganos competentes en canto á determinación dos contidos do anteproxecto.

Como regra xeral, a Xunta de Galicia emprega os seus propios medios para a elaboración normativa propia, acudindo á fórmula da autoprovisión como mecanismo de colaboración e cooperación interna entre os centros directivos das diferentes consellerías e os seus entes instrumentais. Tan só en supostos excepcionais, como o presente, no que a especificidade técnica unida á necesaria dedicación dun número de medios determinado así o require, acódese a mecanismos de colaboración externa; todo sen prexuízo dos labores internos de coordinación, dirección e supervisión que recaen no centro directivo competente por razón da materia e na asesoría xurídica da Xunta de Galicia, con plena garantía de interese xeral."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41210

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2205

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35694,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e outros/as deputados/as máis, sobre **"as razóns do non funcionamento do servizo de seguridade adxudicado no recinto feiral da Semana Verde de Galicia nas mesmas condicións que se viña prestando"**, (publicada no BOPG número 442 do 6 de abril de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Os membros do Padroado da Fundación Semana Verde de Galicia reunidos o día 10 de abril de 2014 (representantes da Xunta de Galicia, da Deputación de Pontevedra, o alcalde de Silleda e representantes da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia) aprobaron por unanimidade o Plan de Viabilidade da Fundación. Este documento recolle xa a proposta do cambio da seguridade do recinto, que pasaría a realizarse por cámaras e alarmas, cunha redución de custo duns 40.000 euros anuais.

O informe de execución do Plan, aprobado tamén por unanimidade na reunión do Padroado de 18 de decembro de 2014, especificou que os aforros en canto á seguridade do recinto pasaban pola instalación dunha porta de apertura automática, previa identificación do usuario a través dunha tarxeta, acompañada dunha cámara de seguridade. Este sistema, proviría maior seguridade ao recinto polo día e permitiría prescindir da seguridade nocturna, que conlevaba un custo anual desproporcionado en relación á eficacia que viña demostrando. Así, o servizo de vixilancia nocturna manteríase no futuro luns e martes para atender á Central Agropecuaria, algunhas horas do fin de semana e en período de feiras.

A redución do gasto en seguridade (a chamada 'estrutural', para diferenciala da seguridade de cada feira) nos primeiros seis meses de 2015 respecto de 2014 foi do 81%, malia terse comezado a aplicar estes novos sistemas en febreiro.

Os cambios no eido da seguridade permitiron mellorar a mesma, xa que ao estar cerrado o recinto, hai menos posibilidades de roubo e ademais, dáse un paso importante de cara á viabilidade da Fundación, que é unha prioridade para todos os membros do Padroado.

Segundo o Plan de Viabilidade se vaia executando, poderase ir dando cobertura cada vez a máis necesidades, pero existe consenso entre todos os membros do Padroado en que se están a tomar as medidas máis equilibradas para avanzar a un tempo, tanto na seguridade, como no fortalecemento económico da Fundación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2236

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41241

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35767,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Ramón Vázquez Díaz, sobre **"as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o mantemento do emprego e da actividade produtiva da empresa Vestas Nacelles Spain, S.A., radicada no concello de Viveiro"**, (publicada no BOPG número 442 do 6 de abril de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e a Consellería de Traballo e Benestar mediaron neste conflito laboral, que finalmente se resolveu cando a dirección de Vestas e o comité de empresa chegaron a un acordo a finais do pasado mes de abril, que viña acatar a decisión da asemblea dos traballadores.

Deste modo, no expediente de extinción pasouse dos 54 despedimentos inicialmente propostos pola compañía a 28, incluíndo nestes as baixas incentivadas e a posibilidade dalgunha recolocación.

Así mesmo, cómpre sinalar que a progresiva reincorporación dos traballadores á planta de produción de Viveiro comezou a realizarse con normalidade, mesmo antes da data prevista, ao adiantarse os prazos de entrega dalgúns traballos en carteira, e de acordo coa suspensión temporal contemplaba no ERE. Como consecuencia, antes de mediados do pasado mes de xullo xa se reincorporaran 37 traballadores e, segundo, unha recente comunicación da empresa, está prevista que conclúa antes dun mes.

Neste conflito laboral, a Xunta fixo e seguirá a facer todo o posible para tratar de manter a actividade económica e o emprego en Galicia da empresa Vestas. De feito, o

Goberno galego está sempre ao lado de traballadores e empresas para coñecer as súas dificultades e colaborar na procura da mellor solución para os problemas que deban enfrontar, respectando, como corresponde, a autonomía e o espazo reservados para a negociación entre as partes."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41212

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Núm. 2207

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35941,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos González Santín e outros/as deputados/as máis, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do inicio dos traballos de acondicionamento comprometidos na estrada LU-641, que comunica Folgoso con Seoane do Courel"**, (publicada no BOPG número 448 do 15 de abril de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de redactar o proxecto de acondicionamento e mellora da estrada LU-651 entre Folgoso do Courel e Seoane. O elevado importe que supón esta actuación condicionou a súa programación ás dispoñibilidades orzamentarias e ás necesidades globais da rede autonómica de estradas en relación coa IMD rexistrada nesta estrada (196 veh./día).

Malia isto, co fin de manter a estrada en condicións axeitadas vén de realizarse, como medida de conservación ordinaria, unha rexeneración do firme por treitos, consistente na aplicación dun dobre tratamento superficial e o repintado das marcas viais da estrada. Supuxo un investimento de case 150.000 €. Deste modo, asegúrase o tránsito de vehículo en condicións axeitadas ata o momento en que se poida activar a contratación do proxecto de acondicionamento e mellora da estrada."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015
A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41230

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2225

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35971,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e outros/as deputados/as máis, sobre **"os impedimentos existentes para a posta en marcha do Servizo de Hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, despois do ofrecemento da Deputación Provincial de Lugo do financiamento necesario para ese fin"**, (publicada no BOPG número 448 do 15 de abril de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A elección entre o Servizo 24 horas ou 8 horas non é nin foi nunca un problema de custos nin de financiamento. O Goberno galego ten invertido no novo Hospital Lucus Augusti máis de 60 millóns de euros. Ademais, o investimento en equipamento superou os 25,8 millóns. A Xunta executou as obras e licitou os concursos que permitiron dotar a este hospital de cociña, gardería, aparcadoiro e mobiliario. Tamén se investiron máis de 1,2 millóns nos laboratorios de Saúde Pública. Parece evidente que a inversión non é o problema.

O modelo asistencial de hemodinámica en rede existente en Galicia é efectivo e seguro. Neste eido, cabe destacar que Galicia é unha comunidade autónoma que, pese ao avellentamento da súa poboación, maior que a de outras comunidades, presenta uns resultados na atención ao Infarto Agudo de Miocardio mellores que a media do Sistema Nacional de Saúde (SNS). Nisto ten moito que ver o noso PROGALIAM, Programa Galego de Infarto Agudo de Miocardio, probablemente o mellor de toda España para IAM.

A provincia de Lugo dispón nestes momentos dunha sala de hemodinámica, que puxo a funcionar este Goberno en xaneiro de 2014. De acordo cos datos de que dispoñemos agora mesmo, e coas recomendacións científicas actuais enriba da mesa, Galicia ten a dotación de unidades e salas de hemodinámica e a distribución xeográfica que necesita. Non existe evidencia algunha de que os resultados en saúde da poboación da provincia de Lugo sexan

peores aos de outras áreas de Galicia. Os datos de mortalidade global e específica axustada por idade por Infarto Agudo de Miocardio (IAM) son moi similares nas provincias de Lugo e de Coruña; é dicir, non hai diferenza significativa entre a mortalidade destas provincias.

É falso que se estea discriminando a Lugo, máis ben ao contrario: Lugo conta agora cunha sala de hemodinámica, cando antes non se dispuña dela. E o funcionamento é exactamente igual que a sala de Ourense, que puxo en marcha o Goberno bipartito. Por tanto dicir que Lugo está discriminado non se axusta á realidade. Sí estivo discriminada durante o Goberno bipartito, que non foi quen de dotar e abrir o novo hospital ni de dotar a Lugo dunha sala de hemodinámica, algo que sí fixo en Ourense. Por certo, tamén en horario de 8 a 15. Ninguén plantexou entón, nin plantexa agora, que abrira as 24 horas. Por iso, sorprende moito que o que fan en Ourense en xornada de mañá sexa correcto dende o seu punto de vista, e non o sexa en Lugo. En definitiva, o horario da sala de hemodinámica en Lugo é o mesmo que en Ourense e Pontevedra, e faise de acordo coa maioría de cardiólogos, hemodinamistas e cirurxiáns cardíacos.

O Servizo Galego de Saúde, a instancia do parlamento de Galicia está a dar os pasos necesarios para a creación dun rexistro galego de IAM, de acordo coas recomendacións dos nosos profesionais. Este rexistro permitirá dispor de nova evidencia en base á cal asentar as decisións de planificación que poidan derivarse. É dicir, unha vez obteñamos eses novos datos, o Sergas deberá analizalos para poder tomar así as medidas oportunas que garantan o mantemento da calidade, seguridade e equidade que agora teñen os pacientes de toda a comunidade autónoma."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015
A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm 41240

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2235

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 37239,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **"as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación laboral dos traballadores das oficinas de Correos de Galicia"**, (publicada no BOPG número 464 do 20 de maio de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron abordados en iniciativas anteriores presentadas en termos similares polo mesmo grupo parlamentario. É o caso das iniciativas con número de rexistro 22359, 22360 e 25260 –debidamente tramitadas–.

Nesta liña cómpre reiterar o xa expresado:

A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa

competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte dos cidadáns aos servizos no seu territorio."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41149

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2134

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 37460,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e outros/as deputados/as máis, sobre **"o ensino da lingua galega no Bierzo"**, (publicada no BOPG número 473 do 3 de xuño de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A Administración educativa galega tivo coñecemento das características da Orde EDU/363/2015, do 4 de maio, pola que se establece o currículo e se regula a implantación, avaliación e desenvolvemento do bacharelato na Comunidade de Castela e León e púxose inmediatamente en contacto co departamento competente.
A comezos da última semana do pasado mes de maio, logo de analizar a norma regulamentaria do currículo de bacharelato aplicable na comunidade limítrofe, houbo contactos telefónicos e por escrito entre as consellerías de Educación de Galicia e de Castilla y León.

En concreto, sempre desde o respecto institucional e coa vontade de colaboración, solicitouse que tomase as medidas necesarias para que todo o alumnado que quixese seguir cursando a materia de Lingua e Cultura Galega dentro do marco do programa para a promoción da lingua galega nos territorios occidentais das provincias de León (O Bierzo) e de Zamora (Sanabria) puidese facelo.
Así mesmo, trasladóuselle o desexo da Administración galega de que a materia se imparta para os beneficiarios do programa sen ningunha carga horaria engadida en relación co resto do alumnado e dentro da carga lectiva xeral e en horario de mañá para evitar diferenzas co outro alumnado.
Nunha resposta a comezos de xullo, desde a Consellería de Educación de Castela e León recoñécese a importancia do programa para a promoción da lingua galega nos territorios occidentais das provincias de León (O Bierzo) e de Zamora (Sanabria) e manifesta a súa valoración positiva. Tamén explica as características da súa Orde EDU/363/2015 e xustifica o

incremento da carga lectiva para o alumnado que cursa ensinanzas de galego pola relevancia da avaliación final da etapa que todo o alumnado debe realizar para obter o título de bacharelato de acordo co previsto na nova lei orgánica de educación.

En calquera caso, na segunda quincena de xullo, desde a Administración educativa galega reiterouse a necesidade de abordar este asunto de interese para Galicia e para os territorios occidentais das provincias de León (O Bierzo) e de Zamora (Sanabria). Así, ademais de propor unha próxima xuntanza, tamén se lle deu traslado á Consellería de Educación de Castela e León do acordo tomado pola Comisión 4ª de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 16.6.2015."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41232

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2227

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32345,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **'a valoración da Xunta de Galicia en relación coa saturación dos órganos xudiciais galegos, en particular, os xulgados do social, os requirimentos realizados e previstos diante do Goberno central ao respecto e as actuacións que vai levar levar a cabo para a súa dotación do persoal necesario'**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Con relación á creación de novos órganos xudiciais, en particular novos xulgados do social na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, cómpre indicar en primeiro lugar que a competencia para a creación de novas unidades xudiciais corresponde á Administración do Estado a través do correspondente Real Decreto, logo da previsión orzamentaria polo Estado especialmente para a creación de prazas de xuíces e xuízas, fiscais e secretarios ou secretarias xudiciais.

Existindo dita previsión e segundo o reparto do total das prazas, a Comunidade Autónoma debe emitir informe por razón de seren a competente nos medios que lle darán soporte as ditas unidades.

Desde o ano 2010 non se creara ningunha ata finais de 2014, cando foron creadas 12 novas unidades xudiciais. Destas, por proposta da Comisión Mixta, 5 corresponderon a maxistrados ou maxistradas de órganos colexiados e 7 a xuíces ou xuízas de adscrición territorial. Como é coñecido, foi no seo da Comisión Mixta entre Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia, onde se acordou a petición e distribución das novas

unidades, pois esta é a canle institucional onde se analizan as necesidades e correlativas peticións.

Cando existan novas prazas a crear e segundo as necesidades detectadas (nas que se atopan órganos da xurisdición social), a Comisión Mixta volverá a solicitar dita creación.

Mentres tanto as actuacións que está a desenvolver a Administración autonómica versan sobre medidas de reforzo nos órganos xudiciais que o Consello Xeral do Poder Xudicial, ou o Tribunal Superior, considera que requiren dun plan de reforzo e para o que destinan un xuíz ou xuíza de apoio.

Así, os xulgados do social da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, os xulgados do mercantil da Coruña, así como os xulgados de reforzo para preferentes da Coruña e Vigo, teñen estas medidas. Tamén determinados xulgados de instrución teñen reforzado o seu persoal, así como os xulgados que asumen a levanza do Rexistro Civil nos partidos xudiciais de grandes vilas con máis de 3 xulgados.

Neste escenario de aprobación de Plans de Apoio co correlativo nomeamento de xuíces e xuízas de reforzo, a actuación da Xunta de Galicia non só conleva nomeamento de persoal funcionario de reforzo, senón que supón á súa vez unha necesaria dotación de medios materiais para fornecer os novos postos de traballo (mobiliario, equipamento informático..).

En definitiva, a Xunta de Galicia está a desenvolver as actuacións conducentes a satisfacer o catálogo de necesidades que se recollen na memoria de actividades do Tribunal Superior de Xustiza, naquelas cuestións posibles por ser de competencia propia, e en particular as que atinxen ás medidas de reforzo acordadas no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Polo que atinxe aos cadros de persoal da xurisdición social, non só non diminuíron, senón que foron reforzados ata o punto de estar 7 persoas funcionarias máis prestando servizos nos xulgados de reforzo da Coruña e Vigo. Tamén existen 9 persoas

funcionarias titulares dos xulgados do social de Galicia con prolongación de xornada retribuída para atender a maior carga de traballo.

Por último, a Oferta de Emprego Público de funcionarios e funcionarias de corpos nacionais, como é o persoal funcionario da Administración de Xustiza, corresponde ao Estado e cando exista dita oferta repercutirá en todo o Estado e tamén en Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 SET. 2015
Núm. 41231

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2226

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32424,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **"a valoración do Goberno galego en relación coa saturación da xurisdición do mercantil en Galicia, a realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto e, en concreto, a creación dun novo xulgado do mercantil na Coruña e outro en Ferrol-As As Pontes de García Rodríguez"**, (publicada no BOPG número 412 do 9 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"A xurisdición mercantil, xunto coa social, ten padecido por mor da situación de crise económica un incremento considerable de procedementos.

Malia diminución na nosa Comunidade Autónoma nun 17% do número de concursos de acredores presentados no último ano 2014, o certo é que nalgunhas das provincias (concretamente, na provincia da Coruña), estes órganos seguen a ter un desfase de entrada de asuntos con relación ao módulo normal para estes órganos na súa carga de traballo.

Por estas razóns, tendo en conta a complexa situación da xurisdición especializada mercantil na provincia da Coruña (lembremos que os xulgados do mercantil estenden a súa xurisdición a toda a provincia, art. 86 bis LOPX), ambos os dous xulgados mercantís da provincia contan cun plan de reforzo aprobado pola Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, consistente en destinar un xuíz ou xuíza de apoio para os ditos órganos, consonte o alcance do plan deseñado polo órgano de goberno do Poder Xudicial. Así mesmo, a Xunta de Galicia apoia cos seus recursos propios esta decisión, nomeando persoal funcionario de reforzo nestes xulgados segundo se lle demandou e

dispoñendo a necesaria dotación de medios materiais para fornecer os novos postos de traballo (mobiliario, equipamento informático, etc.).

A competencia para a creación dun novo órgano xudicial radica na Administración do Estado a través do correspondente Real Decreto (debendo informar a Comunidade Autónoma polo que atinxe aos medios que dan soporte as ditas unidades).

O seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza é a canle institucional axeitada para analizar as necesidades e onde se han de crear as novas unidades, polo que no seu momento analizarase esta solicitude previo coñecemento do número que para Galicia destina a Administración Central."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41143

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2168

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34605,** formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de dona Carmen Iglesias Sueiro, sobre **"a valoración do Goberno galego das consecuencias da eventual aprobación do artigo 35 do Proxecto de lei do estatuto da vítima do delito"**, (publicada no BOPG número 434 do 23 de marzo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre indicar que o texto normativo aludido constitúe actualmente dereito positivo, no sentido de que se trata dunha lei que xa foi aprobada e publicada no Boletín Oficial do Estado o pasado 28 de abril (BOE núm. 101), isto é: a Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.

O Título IV (Disposicións comúns) contén no seu Capítulo IV (Obriga de reembolso) o concreto artigo 35 ao que fai referencia a pregunta formulada, respecto do cal cómpre salientar, tal e como a propia disposición final terceira da dita Lei 4/2015 establece, que é ditado ao amparo da competencia exclusiva atribuída ao Estado polo artigo 149.1.5ª da CE en materia de Administración de Xustiza. Correspondéndolle a competencia lexislativa plena ao Goberno do Estado, cómpre respectar a actividade lexislativa emanada do dito órgano constitucional e os procedementos previstos na súa tramitación.

A redacción finalmente dada pola norma aprobada polas Cortes Xerais ao dito artigo, establece:

CAPÍTULO IV

**Obrigación de reembolso**

*Artigo 35. Obrigación de reembolso.*

1. A persoa que se beneficiou de subvencións ou axudas percibidas pola súa condición de vítima e que fose obxecto dalgunha das medidas de protección reguladas nesta Lei, virá obrigada a reembolsar as cantidades recibidas no devandito concepto e ao abono dos gastos causados á Administración polas súas actuacións de recoñecemento, información, protección e

apoio, así como polos servizos prestados cun incremento do interese legal do diñeiro aumentado nun cincuenta por cento, se fose condenada por denuncia falsa ou simulación de delito.

2. O procedemento de liquidación da anterior obrigación de reembolso e a determinación das contías que poidan corresponder a cada concepto determinaranse regulamentariamente.

3. Esta disposición aplicarase sen prexuízo do previsto na Lei de Asistencia Xurídica Gratuíta.

Polo tanto, o texto finalmente recollido na norma aprobada, prevé a obriga para quen simulase un delito que non existiu, ou quen denunciase falsamente, de reintegrar as axudas indebidamente percibidas; ademais, para que naza a dita obriga de reintegrar, é preciso que exista unha sentenza ditada polo xuíz logo do correspondente procedemento xudicial coas garantías que lle son inherentes, na que autoridade xudicial condene polos ditos delitos de denuncia falsa ou simulación.

Así, pois, a obriga de reembolso impónselle a quen resulte condenado en sentenza por simular un delito ou denuncia falsa, pretendendo beneficiarse das axudas destinadas as vítimas. É por isto, que ao condenado a lei lle impón, ademais das responsabilidades civís ou penais que no seu caso procedan polo delito contra a Administración de xustiza cometido, a obriga de reembolsar os gastos ocasionados a Administración polo seu recoñecemento, información, protección, apoio e servizos prestados.

O principio de igualdade ante a lei establece que ninguén pode lucrarse de forma fraudulenta e delituosa dos recursos públicos e, en caso de que se producira, haberá de reembolsar o percibido."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015
A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41141

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2166

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35198,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da publicación da totalidade do expediente administrativo dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e os organismos dependentes dela"**, (publicada no BOPG número 437 do 26 de marzo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"A Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega regula a publicación no DOG dunha relación dos convenios do sector público autonómico e establece que '*cando os devanditos convenios impliquen obrigas económicas para a Facenda autonómica, sinalaranse con claridade o importe destas, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria da prestación*'.

Esa Lei viuse completada co Decreto 126/2006 do Rexistro de Convenios no que se concreta esa esixencia e se establece a necesidade de publicación na web da Xunta da relación dos convenios inscritos e unha serie de datos como son: partes asinantes, obxecto, financiamento e prazo de vixencia.
Actualmente, a Xunta mantén ese Rexistro de Convenios accesible de maneira permanente en Internet e nel están publicados, para máis de 34.800 convenios todos eses datos e, indo máis aló, a relación das modificacións que os convenios van sufrindo.
O Goberno galego está, por tanto, a cumprir escrupulosamente coa lexislación vixente nesta materia e seguirá ampliando a súa transparencia de acordo coas novas normativas estatais e autonómicas.

No ámbito estatal, e coa entrada en vigor para as CCAA a finais deste ano da lei estatal de transparencia (pois tiña dous anos de vacatio legis para as administracións autonómicas), a cidadanía terá dereito de acceso aos convenios dun xeito non motivado e totalmente libre. No exercicio dese dereito o cidadán poderá solicitar copia de calquera dos convenios que

figuren na relación que se fai pública. E, de estimarse que non concorre ningunha limitación de acceso, recibirá a documentación solicitada.

A nivel autonómico, pola súa parte, está prevista a tramitación dunha nova Lei de Transparencia de Galicia que consolidará legalmente a publicidade na web do Rexistro de Convenios e fixará un punto de acceso unificado a través do Portal de Transparencia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41150

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2175

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35625,** formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Antón Sánchez García, sobre **"as posibles consecuencias da licitación da contratación do servizo para a elaboración dos proxectos de lei de conservación da natureza e de pesca fluvial, por importe de 72.600 euros, e as previsións do Goberno galego ao respecto",** (publicada no BOPG número 443 do 7 de abril de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego non só acredita o compromiso e cualificación do seu persoal, senón tamén a necesidade de avanzar na prestación dun servizo público de calidade, razón pola cal, desde o ano 2009, vén desenvolvendo unha política de mellora na xestión dos recursos públicos, conscientes de que ese é o primeiro camiño a seguir para poder blindar e mellorar os servizos públicos.

Neste proceso enmárcanse leis como a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, ou a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, onde se recolle o principio de autoprovisión de bens e servizos dentro do sector público.

A autoprovisión de bens e servizos implica que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico, mediante a súa cooperación e colaboración, agás cando esta non resulte viable, suposto no que se poderá acudir á súa contratación externa.
O dito principio no ámbito da administración da Xunta de Galicia foi obxecto de desenvolvemento mediante o acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo

que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión, e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2015).

No caso obxecto desta pregunta parlamentaria, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, correspóndelle exercer as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras.

E é no marco destas atribucións, onde a Consellería desenvolve a súa función normativa, para o cal se precisa contar cuns medios persoais suficientes, pois, ao traballo diario do órgano directivo, habería que engadir os traballos necesarios e preceptivos que supón a elaboración de calquera disposición legal.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza non dispón dos medios para a elaboración de documentación preparatoria, análise xurídica e técnica preliminar, e obtención de datos que sirvan de fundamento e antecedente dos referidos anteproxectos en materia de conservación da natureza e de pesca fluvial (análise do marco competencial, organizativo e normativo vixente en materia de conservación da natureza e pesca fluvial; estudo dos contidos da regulación actual nestas materias na Comunidade Autónoma de Galicia; estudo das regulacións comunitaria e estatal; análise do dereito comparado vixente noutras CC.AA. e no dereito internacional; estudo da xurisprudencia, etc.); así como carece tamén dos recursos necesarios para a elaboración da redacción dos primeiros borradores dos textos e de documentación complementaria das propostas normativas e o seu seguimento. Todo isto require, pola súa especialización, unha dedicación de recursos humanos que comprometería o desenvolvemento habitual doutras áreas e funcións atribuídas ao órgano directivo, igualmente de interese público.

Son pois razóns de eficiencia na xestión dos recursos públicos as que motivaron a decisión de licitar un contrato de servizo para apoiar a Dirección Xeral de Conservación da Natureza na realización das tarefas de asistencia no estudo e redacción duns borradores de Lei, que en modo ningún pon en cuestión a iniciativa lexislativa, tal e como está configurada no Estatuto de Autonomía, pois as funcións de coordinación e dirección da execución do contrato recaerán no persoal da propia dirección xeral; e os textos, documentos así elaborados cumprirán con todos

os trámites e requisitos previstos na normativa vixente para os anteproxectos de Lei; e cumpriranse os trámites parlamentarios, unha vez que o Goberno galego aprobe as correspondentes iniciativas e os remita ao Parlamento de Galicia. É dicir, en todo caso os labores encargados non supoñen abdicar das responsabilidades que corresponden aos órganos competentes en canto á determinación dos contidos do anteproxecto.

Como regra xeral, a Xunta de Galicia emprega os seus propios medios para a elaboración normativa propia, acudindo á fórmula da autoprovisión como mecanismo de colaboración e cooperación interna entre os centros directivos das diferentes consellerías e os seus entes instrumentais. Tan só en supostos excepcionais, como o presente, no que a especificidade técnica unida á necesaria dedicación dun número de medios determinado así o require, acódese a mecanismos de colaboración externa; todo sen prexuízo dos labores internos de coordinación, dirección e supervisión que recaen no centro directivo competente por razón da materia e na asesoría xurídica da Xunta de Galicia, con plena garantía de interese xeral."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm 41129

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2154

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31390,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Daniel Rodas Chapela, sobre **"os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto de paseo da Seara, en Moaña, e as medidas que está a adoptar ou prevé a Xunta de Galicia para preservar e pór en valor as carpintarías de ribeira existentes na zona pola que transcorre",** (publicada no BOPG número 399 do 5 de xaneiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"Con data do 16 de setembro de 2014, a Axencia Galega de Infraestruturas, o Ente Público Portos de Galicia e o Concello de Moaña asinaron un convenio de colaboración para a execución da obra de continuación do paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira (tramo da Seara). A través deste convenio o Concello comprometeuse a, (así se establece na cláusula cuarta do citado convenio no seu apartado 2.3 a), '... pór á disposición da AXI, os terreos necesarios libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras ...'

O cumprimento desta obriga por parte do Concello ten que axustarse ás disposicións do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, que establece no seu artigo 2. a) que con carácter previo á formalización do convenio, o Concello, neste caso, deberá achegar o compromiso de posta á disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar a cabo as ditas obras.

O Concello de Moaña emitiu o compromiso que esixe o decreto citado para poder formalizar o convenio.

Polo que se refire ás autorizacións, segundo a cláusula cuarta apartado 2.3b) do convenio de colaboración subscrito, é unha obriga do Concello de Moaña obter a autorización de Costas do Estado para ocupar o dominio público e a servidume de tránsito e, á vista do convenio subscrito, o Concello de Moaña manifesta, así mesmo, que o proxecto se axusta ao planeamento municipal.

Desde o punto de vista máis técnico, o proxecto contempla que a fachada afectada pola obra demolese e construíse outra na nova aliñación con características estéticas e funcionais de carpintería de ribeira, entendéndose como unha restauración da mesma, iso si, na nova aliñación. Así mesmo, e co fin de non restar funcionalidade ás dúas carpinterías de ribeira, tamén se prevé no proxecto a remodelación das rampas/varadoiro, adecuándoos á nova cota do paseo, de forma que se permitan a entrada e saída de embarcacións."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41130

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2155

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31772,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Daniel Rodas Chapela, sobre **"as medidas que debe adoptar o Goberno galego tendentes a solucionar os problemas de seguridade vial da variante de Marín"**, (publicada no BOPG número 405 do 23 de xaneiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A apertura do último treito da VG-4.4, variante de Marín, produciuse a mediados do ano 2012, polo que os datos dese ano non serían do todo representativos do tráfico que soporta esta vía.

Os datos correspondentes ao ano 2013 son os seguintes:

Estación de aforos VG-4.4(0), situada no pk 0,39- IMD: 6.819 vehículos/día.

Estación de aforos VG-4.4(11), situada no pk 11,96- IMD: 5.498 vehículos/día.

Os datos correspondentes ao ano 2014, aínda provisionais, son os seguintes:

Estación de aforos VG-4.4(0), situada no pk 0,39- IMD: 7.276 vehículos/día

Estación de aforos VG-4.4(11), situada no pk 11,96- IMD: 6.240 vehículos/día.

Na memoria de tráfico de 2014, que se publicará proximamente, recolleranse os tráficos de IMD definitivos.

En canto ao número de accidentes, no ano 2012 (xullo-decembro) rexistráronse 9 accidentes con persoas afectadas (un ferido grave, 13 feridos leves, ningunha vítima mortal), nos cales o factor concurrente era a velocidade inadecuada (5 accidentes), a distracción (2 accidentes) e a infracción de normas de circulación (2 accidentes). Deses accidentes, dous ocorreron no treito da variante de Marín posto en servizo no ano 2012.

No ano 2013 producíronse 15 accidentes con persoas afectadas (1 ferido grave, 24 feridos leves e ningunha vítima mortal). En 6 destes accidentes o factor concorrente era a

velocidade inadecuada,e noutros 5 a distracción. Tres deses accidentes ocorreron no treito da variante de Marín posto en servizo no 2012.

No ano 2014 producíronse 5 accidentes con persoas afectadas (1 falecido, 2 feridos graves e 5 feridos leves). Dous deses accidentes ocorreron no treito da variante de Marín posto en servizo no 2012.

Lembrar que o trazado da Variante de Marín foi acordado polo Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra, adaptándose ás características dunha estrada C-80 da rede primaria básica, cunha velocidade específica de 80 km/h, e cumprindo coa normativa na materia. Formuláronse trazados con menos pendente e menos curvas, pero máis preto da parte da ladeira e das casas. Non obstante, estes trazados tiveron unha forte oposición e foron rexeitados. No treito da variante que afecta ao Concello de Pontevedra as alternativas a menos cota foron rexeitadas polo concello, que quería que a vía fora pola parte máis alta do monte, o que levou o trazado á configuración que foi finalmente executada.

Co fin de reducir a sinistralidade, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) realizou recentemente unha actuación de reforzo de firme localizado na PO-551 e mellora da capa de rodadura na CG-4.4.Canto aos accesos, a Variante de Marín, de 12 km de lonxitude, ten tres enlaces con outras vías (estrada de Marín a Figueirido, PO-313 Marín–Moaña e coa provincial de Seixo), é dicir, conta cunha conexión cada 3 km."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41123

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2148

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32353,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **"a situación en que se atopan os treitos autonómicos da terceira ronda da Coruña e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a posta en servizo desa vía"**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"O último treito autonómico (V-14) e o treito estatal Lonzas-A Zapateira (AC-14) foron postos en servizo o 14 de marzo de 2015."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41152

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2177

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32355,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gòmez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **"a situación en que se atopa a construción do treito Celeiro-San Cibrao da vía de altas prestacións da costa norte"**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"Respecto á pregunta formulada sobre a VAP Celeiro-San Cibrao, indicar que se está a traballar a bo ritmo na execución de dous viadutos e nos desmontes pendentes, co obxectivo de finalizar os movementos de terras e estruturas en 2015, e executar en 2016 os firmes para a súa posta en servizo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 2147

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41122

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32359,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **"a situación en que se atopa a cesión polo Concello de Lugo dos terreos necesarios para a construción da ponte de Paradai, así como a súa execución"**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"En relación á pregunta formulada, indicar que o 13 de maio de 2015 entrou en servizo a vía que une a glorieta Ponte Paradai coa glorieta Serra de Meira."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2015
Núm. 41156

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 SET. 2015
SAÍDA
Num. 21…

RS/ms

